



BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS ALUMNAS-TRABALLADORAS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PORREMPREGO CUALIFICA II” DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023/24

Preliminar:

As presentes bases que rexen esta convocatoria están suxeitas ao estipulado na Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A); á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no seu regulamento e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

Primeira.- Obxecto

Os incentivos á contratación por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no obradoiro dual de emprego “PORREMPREGO CUALIFICA II” promovido polo Concello do Porriño, e financiado a través da convocatoria do ano 2023/24 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A contratación terá unha duración mínima de 3 meses.

A xornada da contratación será a tempo completo.

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego “PORREMPREGO CUALIFICA II” promovido polo Concello do Porriño, en concreto cos certificados de profesionalidade de Hostalaría (HOTR0108/HOTR0408) e Novas tecnoloxías e economía dixital (ADGG0508)/ADGG0208); e que contraten traballadores/as por conta allea.





No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos apartados anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable, segundo o Anexo II destas bases.

Terceira.- Importe

A contía total destinada a estas axudas é de 30.000 €, dentro do proxecto 2023033, na partida orzamentaria 241.4700000 (RC nº 13622).

O importe desta axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción desta en futuras convocatorias.

Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.





Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrancia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada non causarán dereito nas seguintes.

Cuarta.- Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Quinta.- Prazos e presentación de solicitudes





O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria é de quince días hábiles que comezarán a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se o último día de prazo non é día hábil, entenderase que o prazo finaliza o día hábil seguinte.

As persoas solicitantes obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello do Porriño, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0>.

Os/as solicitantes non obrigados/as a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello do Porriño, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I. Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- a) DNI, NIE ou NIF da persoa física ou xurídica
- b) NIF do representante legal e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- c) Anexo II. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda e declaración responsable de non estar incurso/a en causas de imposibilidade de ser beneficiario/a de subvencións públicas.
- d) Anexo III. Certificado de subvencións ou axudas obtidas
- e) Anexo IV. Autorización para a comprobación de débedas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Certificación de conta bancaria

Sexta.- Xustificación e pagamento



O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa inicial para o pagamento en prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.

6.1. A documentación xustificativa inicial e solicitude de pagamento, no prazo dos 3 meses posteriores á contratación:

a) Declaración complementaria, presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron ou percibiron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo III.

b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención de, polo menos, 3 meses, a xornada completa.

c) Documentación xustificativa das altas das persoas traballadoras con cargo aos incentivos á contratación que abranguen un contrato.

d) Anexos V e VI.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto que a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

6.2. A documentación xustificativa final, ata o día 01/12/2025:

a) Nóminas aboadas ás persoas traballadoras e xustificante de pagamento expedido pola entidade bancaria, boletíns de cotización á Seguridade Social (RLC e RNT ou documentos equivalentes expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social), así como os documentos bancarios que acrediten o seu pagamento.

b) Modelo 111 e xustificantes do seu pagamento, correspondentes ao período en que se levou a cabo a contratación.

c) Documentación xustificativa das baixas, das persoas traballadoras con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de, polo menos, 3 meses, a xornada completa.

Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello puidese requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.



Sétima.- Obrigas das entidades beneficiarias

Incorporar a persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, é dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de profesionalidade de Hostalaría (HOTR0108/HOTR0408) e Novas tecnoloxías e economía dixital (ADGG0508)/ADGG0208).

Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto da axuda. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa /entidade deberá comunicar esta circunstancia ao Concello do Porriño, no prazo de sete días hábiles desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións; ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a axuda, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto do mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a axuda. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexa declarado improcedente, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

As contratacións polas que se solicita a subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderalle ao Concello do Porriño, levar a cabo a función de control das axudas concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Oitava.- Competencia

A competencia para resolver as solicitudes destas axudas corresponderalle ao Concello do Porriño, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego “Porremprego Cualifica II”.

Novena.- Procedemento de concesión



O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será por concorrencia competitiva, na súa valoración teranse en conta os seguintes criterios:

1. Empresas/entidades que asinaren co Concello do Porriño un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello lle presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023; respecto do número de alumnos/as que tivera comprometidos neste.....6 puntos
2. Empresas/entidades que contraten o alumnado por un período superior aos tres meses mínimos.....10 puntos
3. Empresas/entidades da contorna.....6 puntos
4. Empresas/entidades que realicen máis dun contrato de traballo:
 - ata 2 contratos.....10 puntos
 - a partir de 3 contratos.....15 puntos

Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Décima.- Instrución e órgano instructor

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á técnica de Xestión económica, ou persoa que legalmente a substitúa.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizadas segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de avaliación deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.





A persoa instrutora do procedemento, tendo en conta o expediente e o informe da comisión, formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselle ás persoas interesadas e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello. Concederase un prazo de dez días para presentar alegacións ou a solicitude de reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención que se propón outorgar.

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, de ser presentadas, a instrutora formulará unha proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a solicitante, ou relación de solicitantes, para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ao expediente engadírase un informe do instrutor ou instrutora no que conste que da información levada a cabo se desprende que as persoas ou entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a esta subvención.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor das persoas ou entidades beneficiarias propostas fronte á Administración, mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

Décimo primeira.- Comisión técnica de avaliación

A.- A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nas presentes bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións ás persoas ou entidades participantes na presente convocatoria.

B.- A composición da comisión será a seguinte:

Presidenta: O Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- Director/a de obradoiro de emprego
- Titor/a do obradoiro de emprego
- Persoal da Administración do Concello do Porriño

Secretaria: A técnica de Xestión económica, instrutora do expediente, que actuará con voz pero sen voto.

Os membros da comisión serán nomeados por decreto da Alcaldía.

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán, de xeito individualizado, as propostas solicitantes para obter a subvención e



especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nas presentes bases e o importe que se concederá.

A comisión de valoración rexerase no seu funcionamento polo disposto na sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A comisión de valoración elevará unha proposta de concesión á Alcaldía-Presidencia, que resolverá por decreto, previa fiscalización do expediente polo servizo de Intervención.

Décimo segunda.- Resolución e recursos

Na resolución, en caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, a forma de pagamento e as condicións nas que se outorga, e deberá ser notificada ás persoas interesadas.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa.

Décimo terceira.- Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polas persoas solicitantes se, dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As persoas beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas, realizando as actividades obxecto da acción de fomento nos prazos sinalados.

Ademais, serán obrigas das beneficiarias destas subvencións:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinalas aos fins para as que foron concedidas, procedendo ao seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola concellería respectiva, ao servizo de Intervención municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



c) Darlle publicidade á axuda concedida, expoñendo nun lugar visible do establecemento o cartel que será facilitado polo Concello.

Décimo cuarta.- Incompatibilidades e concorrência

As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrência con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo quinta. Perda do dereito ao cobro da axuda e reintegro

No caso de que a beneficiaria incorra nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Lei 38/2003, o Concello esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da subvención o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

Décimo sexta.- Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta de titularidade municipal, en concepto de devolución voluntaria da axuda.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da axuda concedida.

Décimo oitava.- Procedemento sancionador

O procedemento sancionador será o disposto no título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo novena.- Recursos





Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no artigo 123 da LPACAP, ou directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal superior de xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da LRXCA.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei (LPACAP). No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no artigo 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso axustado a Dereito que as persoas interesadas estimen procedente.



ANEXO I. INSTANCIA XERAL

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS ALUMNAS-TRABALLADORAS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PORREMPREGO CUALIFICA II” DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023/24

Datos do/a solicitante:

Nome da comunidade de augas:

CIF:

Domicilio social:

Nome do representante:

Cargo que ocupa:

NIF representante:

Teléfonos:

Correo electrónico:

SOLICITA:

A subvención cos criterios sinalados nas bases da convocatoria para a cal presenta a seguinte documentación (sinala cun X os documentos achegados no momento da solicitude):

Documentación administrativa:

- ☐ DNI, NIE ou NIF da persoa física ou xurídica
- ☐ NIF do representante legal e poder suficiente para actuar no nome da entidade.
- ☐ ANEXO II. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda e declaración responsable de non estar incurso en causas de imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas.
- ☐ Anexo III. Certificado de subvencións ou axudas obtidas
- ☐ Anexo IV. Autorización para a comprobación de débedas tributarias e fronte á Seguridade Social
- ☐ Certificación de conta bancaria
- ☐ Copia do NIF do representante legal.

Documentación do proxecto para a súa valoración:

- ☐ Compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023.
- ☐ Compromiso de contratación superior a 3 meses
- ☐ Acreditación do centro de traballo na contorna
- ☐ Compromiso do número de contratacións



O Porriño, _____ de _____ de 2024.

Asdo.: O/a representante legal,

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./
D^a. _____
_____co DNI nº _____, actuando en nome e
representación
de _____
_____co CIF nº _____

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Non estar condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- 2.- Non solicitar a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito/a a intervención xudicial ou ser inhabilitado/a segundo a Lei concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- 3.- Non dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- 4.- Non estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.
- 5.- Atoparse ao corrente no cumprimento de deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social impostos polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- 6.- Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- 7.- Atoparse ao corrente de pago de deberes por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- 8.- Non ser sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003 xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.



9.- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Advertido/a das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos, asino a presente declaración.

O Porriño, _____ de _____ de 2024.

Asdo.: O/a representante legal,

ANEXO III. CERTIFICADO DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS

D./D^a. _____, co DNI
_____, en calidade de _____, da entidade
_____, co CIF
_____ e domicilio social en

CERTIFICO

☐ Que esta entidade solicitou as seguintes subvencións para o exercicio 2024:

Das que foron concedidas:

☐ Que esta comunidade non solicitou ningunha subvención.

☐ Que esta comunidade comprométese a comunicar aquelas subvencións concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que así conste, asino o presente certificado.

O Porriño, _____ de _____ de 2024.

Asdo.: O/a representante legal

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DÉBEDAS

D./D^a. _____
co DNI nº _____, actuando no nome e
representación
de _____





_____co

CIF

nº

AUTORIZO ao Concello do Porriño a solicitar da Agencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesouraría da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia, os datos relativos ao cumprimento dos seus deberes para comprobar os requisitos establecidos nas presentes bases. Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos da tramitación desta axuda.

O Porriño, _____ de _____ de 2024
Asdo.: O/a representante legal,

ANEXO V. ESCRITO DE PRESENTACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A:

Nome da entidade:

CIF:

Domicilio:

Nome do/a representante:

NIF:

Teléfono:

Correo electrónico:

En cumprimento co establecido nas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese a achegar os documentos preceptivos xustificantes desta
(sinale cun X os documentos achegados para a xustificación):

- ☐ Escrito de presentación da conta xustificativa (ANEXO V).
- ☐ Declaración complementaria, presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo III.
- ☐ Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención de, polo menos, 3 meses, a xornada completa.
- ☐ Documentación xustificativa das altas das persoas traballadoras con cargo aos incentivos á contratación que abranguen un contrato
- ☐ Anexo VI. Certificación para a xustificación da axuda

O Porriño, _____ de _____ de 2024.
Asdo.: O/a representante legal,

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO





ANEXO VI. CERTIFICACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS

D./
D^a. _____
_____ co DNI nº _____
como secretario/a de _____ a
entidade _____
_____ co CIF _____ nº _____

CERTIFICO:

1.- Que no exercicio de _____ obtivo unha subvención do Concello do Porriño por un importe total de _____ euros para a finalidade _____

2.- Que para estes mesmos fins obtivéronse, ademais, as seguintes subvencións ou axudas económicas:

3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

4.-Que se realizaron _____ contratos para _____
_____ cuns custes brutos
salariais totais de _____.

E para que conste, aos efectos de xustificación, expídese a presente certificación en

_____, a _____ de _____ de 2024.

Visto e praxe,

O/a presidente /a,

O/a secretario/a de a entidade,

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.



BASES Y CONVOCATORIA DEL PROGRAMA DE AYUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A LA CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CUENTA AJENA PARA PROMOVER LA INSERCIÓN LABORAL DE LAS PERSONAS ALUMNAS-TRABAJADORAS DEL OBRADOIRO DUAL DE EMPLEO “PORREMPREGO CUALIFICA II” DEL CONCELLO DO PORRIÑO 2023/24

Preliminar:

Las presentes bases que rigen esta convocatoria están sujetas a lo estipulado en la Orden del 21 de abril de 2023 por la que se establecen las bases reguladoras de las ayudas y subvenciones para los talleres duales de empleo de la Comunidad Autónoma de Galicia, y si procede a su convocatoria para el año 2023 (código de procedimiento TR353A); a la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones; a la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia; en su reglamento y a la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas y demás normativa de aplicación.

Primera.- Objeto

Los incentivos a la contratación por cuenta ajena tienen por finalidad facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en el taller dual de empleo “PORREMPREGO CUALIFICA II” promovido por el Concello do Porriño, y financiado a través de la convocatoria del año 2023/24 de ayudas y subvenciones a talleres duales de empleo, por la Dirección General de Formación para el Empleo y Orientación, perteneciente a la Consellería de Promoción del Empleo e Igualdad de la Xunta de Galicia.

La contratación tendrá una duración mínima de 3 meses.

La jornada de la contratación será a tiempo completo.

Segunda.- Entidades beneficiarias

Podrán ser entidades beneficiarias de los incentivos a la contratación las personas empleadoras y las empresas/entidades, cualquiera que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, aunque carezcan de personalidad jurídica, cuya actividad esté directamente relacionada con la formación impartida en el taller dual de empleo “PORREMPREGO CUALIFICA II” promovido por el Concello do Porriño, en concreto con los certificados de profesionalidad de Hostelería (HOTR0108/HOTR0408) y Nuevas tecnologías y economía digital (ADGG0508)/ADGG0208); y que contraten trabajadores/as por cuenta ajena.





